

# O ODS 1 na Axenda 2030: Poñer fin a pobreza

## Description

O presente documento é parte da obra colectiva "Reflexiones sobre la aplicación de los ODS 2030 en el Eixo Atlántico" promovido polo Eixo Atlántico no contexto do seu traballo en relación á Axenda Urbana.

O presente documento é parte da obra colectiva "Reflexiones sobre la aplicación de los ODS 2030 en el Eixo Atlántico" promovido polo Eixo Atlántico no contexto do seu traballo en relación á Axenda Urbana.

### 1. Presentación: A Axenda 2030 e a Axenda Urbana do Eixo Atlántico.

O impulso da reflexión estratéxica arredor da Axenda 2030 e os seus 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible 2015-2030, dentro do proceso de consolidación da Axenda Urbana do Eixo Atlántico[1] cómpre ser recibido con entusiasmo, coma exercicio de apropiación dende o sistema urbano galego-portugués da folia de ruta das Nacións Unidas para a próxima década.

O exercicio de reflexión contido neste documento nace impulsado dende o Plan de Actuación da Axenda Urbana do Eixo Atlántico e polo tanto con vontade operativa, polo que agardamos que o presente texto sirva tanto para socializar a Axenda 2030 e a centralidade da loita contra a pobreza que establece o ODS 1, coma para activar e estimular a toma de medidas concretas dentro da administración local galega e portuguesa para a súa consecución.

Cómpre primeiramente sinalar que a Axenda 2030 incorpora diferentes elementos novos en relación á Declaración do Milenio (2000) e os seus 8 Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (1990-2015), destacando de maneira especial que a Axenda 2030 dirixese a todos os países do mundo e non só aos tradicionalmente receptores de fondos de cooperación para o desenvolvemento. A Axenda 2030 é universal e fai un chamado a todos os Estados e niveis de goberno, diante dos retos do planeta e a humanidade para o S.XXI.

Esta novidade resulta nun salto fundamental para comprender os novos ODS, ao eliminar a tradicional división entre Estados donantes e Estados receptores de axuda, apostando por relacións en igualdade e cooperación recíproca, superadoras das formas tradicionais de carácter máis asistencialista, tentando desterrar definitivamente as prácticas neocoloniais nas relacións internacionais[2]. Así as cousas os 17 ODS débense traballar e alcanzar en todos os países, e máis alá das súas 187 metas, marcan un vieiro común para o modelo de desenvolvemento do futuro e unha modernización institucional que deberá reflectirse nas políticas domésticas e exteriores de todos os países.

A outra novidade da Axenda 2030 que debemos significar en relación á relevancia para a Axenda Urbana do Eixo Atlántico; ten que ver có papel renovado e multiplicado dos Gobernos locais na ruta para a consecución dos ODS, interpelándoos de maneira directa (ODS 11 e 17) e habilitándoos de maneira explícita coma socios prioritarios e imprescindibles para a consecución dos ODS. Ao traballo de implementar os ODS a nivel local, de levar a Axenda 2030 a todos os territorios do mundo, a comunidade municipalista internacional denominouna *-localización*[3], alcanzado a súa máxima expresión no ODS nº11, *-A construción de cidades sostibles e inclusivas*.

En certa medida, esta nova disposición á colaboración entre os gobernos centrais, subestatais e locais en grandes alianzas polo desenvolvemento sostible, non fai máis que dar normalidade á revalorización do poder local acontecida nos últimos trinta anos de maneira global, que pasou de ser un actor de xestión administrativa no último chanzo da cadea de poder estatal, a ser un auténtico poder no centro do desenvolvemento das políticas públicas[4] (no noso entorno estruturado legalmente froito da consagración do principio de subsidiariedade na UE no 1985 e demais tendencias propias da globalización). A propia Axenda Urbana do Eixo Atlántico e o aliñamento desta coa Axenda 2030 é consecuencia destas novidades.

Ademais, non cómpre esquecer que o chamado á participación dos Gobernos locais na Axenda 2030 asume na súa dimensión internacional o fenómeno crecente da cooperación internacional municipalista, que tamén dende os anos 90

traza unha liña de traballo específico arredor dos Obxectivos do Milenio ao longo do globo, especialmente impulsada dende a consolidación da CGLU, Cidades e Governos Locais Unidos[5] dende o ano 2004.

Así as cousas en liña cos obxectivos deste texto (tanto reflexivos coma operativos), na primeira parte deste documento presentamos brevemente unha aproximación histórica á loita pola erradicación da pobreza no marco da historia das Nacións Unidas e as particularidades da Axenda 2030 no seu conxunto. Posteriormente introducímonos na natureza do ODS1 e as particularidades da pobreza e conexións co resto de ODS, achegándonos ás distintas Metas e Indicadores do Obxectivo de eliminar a pobreza extrema. Achegámonos despois á idea de *-localización* para identificar o rol do municipalismo global na construción da Axenda 2030 e as posibilidades de implementación dende o local da mesma.

Na idea de dotar de contidos estratéxicos a esta localización presentamos unha serie de suxerencias para o municipalismo galego e portugués, que enfoquen por medio de medidas realistas e concretas dende o local, as posibilidades de cumprimento da Axenda e de consecución do ODS nº1 de poñer fin a pobreza.

Finalmente remataremos o documento cunhas breves conclusións de balance do propio texto e das potencialidades e límites da Axenda 2030 e o ODS nº1 dende unha perspectiva global e de maneira particular no contexto galego-portugués, sendo conscientes dende o primeiro momento das dificultades estruturais[6] para que a Axenda avance polas tensións crecentes no sistema internacional, froito entre outras variables da crise enerxética e ambiental.

## 2. O contexto histórico da loita contra a pobreza universal: Da descolonización á Axenda 2030.

***“... a pobreza, en calquera lugar, constitúe un peligro para a prosperidade de todos; ... a loita contra a necesidade debe desenvolverse con incesante enerxía dentro de cada nación e por medio dun esforzo internacional continuo e concertado...”*** Declaración de Filadelfia, 1944[7]

***“Coma a escravitude e o apartheid, a pobreza non é natural. Créase polo home e pode superarse e erradicarse mediante accións dos seres humanos. Erradicar a pobreza non é un xesto de caridade, é un acto de xustiza. Trátase de protexer un dereito humano fundamental, o dereito a dignidade e a unha vida digna. Mentres teñamos pobreza, no haberá verdadeira liberdade.”*** Nelson Mandela na campaña ‘Fagamos que a pobreza sexa historia’, pronunciado o 3 de febreiro de 2005 no marco de apoio á campaña global de apoio aos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio.

### Da descolonización ao Índice de Desenvolvemento Humano.

Dende a constitución das Nacións Unidas (1945, Carta fundacional) tralo final da Segunda Guerra Mundial coma espazo de traballo universal para a consecución da paz e unha saudable gobernanza global, a loita contra a pobreza no contexto mundial non parou de medrar en importancia na axenda das Nacións Unidas. A propia Declaración de Dereitos Humanos de 1948 e o seu proxecto universal, asentou o modelo de gobernanza global dende a autodeterminación dos pobos, a cooperación a todos os niveis dentro da sociedade internacional e progresivamente, o enfoque de Dereitos[8], coma ferramenta que transcende as teorías clásicas sobre o desenvolvemento e as medidas puntuais de axuda.

Das declaracións sistemáticas a prol do 0,7% dos orzamentos mundiais para a cooperación internacional dende o 1969 por medio do Informe Pearson[9] á formalización da Declaración do Dereito ao Desenvolvemento 1986, a tendencia procura xa non relaxar as cifras máis dramáticas da pobreza a nivel mundial por medio de campañas de asistencia humanitaria en momentos críticos, se non estabilizar procesos estruturais de cambios que de facto erradiquen a pobreza e aumenten o benestar das sociedades na procura dunha paz consolidada e duradeira en liña cos obxectivos fundacionais das Nacións Unidas.

Así as cousas, cando menos no retórico e discursivo a loita contra a pobreza aparece dende o nacemento das Nacións Unidas coma obxectivo da comunidade internacional, primeiro coma consecuencia das medidas para combater o subdesenvolvemento[10] e posteriormente, incorporándose coma fenómeno multidimensional durante os anos 80 e 90 ao traballo dos distintos programas e axencias de Nacións Unidas, xa cos procesos de descolonización das antigas colonias europeas normalizados ou en proceso de normalización (que delimitan a significación histórica da primeira etapa das NNUU).

Aínda que as veces o realismo das relacións internacionais minimizou os esforzos de maior ambición na loita contra a pobreza emprendidos polo sistema de Nacións Unidas, hai que destacar que os actuais ODS e a súa visión da pobreza asentadas nas súas raíces orixinarias nos anos 70, coa aparición do enfoque medioambiental e o famoso informe “Os límites do crecemento” (1972), no contexto da primeira crise do petróleo e o primeiro cuestionamento radical á idea tradicional de desenvolvemento, asociada explícita e unicamente coa idea do crecemento económico das economías nacionais.

Máis adiante pararemonos a problematizar a pobreza coma unha categoría multidimensional que supera a visión monetaria do acceso individual a 1,25\$ diario, mais dende xa é relevante comprender que a pobreza vai alén da insuficiente capacidade de compra, e que ten que ver primeiramente con factores coma o dereito á alimentación mais tamén coa igualdade de xénero, o acceso á saúde e educación ou á propia sustentabilidade ambiental.

Para comprender a fondo todo este proceso histórico non debemos esquecer dende unha análise realista, a Guerra Fría e o enfrontamento entre bloques coma parte deste proceso declarativo[11]. Así as cousas e de maneira coincidente coa caída do Muro de Berlín, o Programa das Nacións Unidas polo Desenvolvemento (PNUD) presenta ante o mundo no 1990 o Índice de Desenvolvemento Humano para medir a riqueza dos Estados non só dende as categorías monetarias e o PIB e PNB, se non dende variables educativas, ambientais, sanitarias ou socioculturais. Será ligado ao traballo sistemático arredor do IDH que a variable da desigualdade e o índice Gini, comezcan a ser variables chave para comprender a pobreza coma fenómeno multidimensional[12].

Neste proceso de institucionalización da loita contra a pobreza, dende o 17 de outubro de 1992 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas conmemora o Día Internacional para a Erradicación da pobreza, poñendo en valor a figura de Joseph Wresinski[13], que cinco anos antes liderara un chamamento global para loitar contra a pobreza mundial.

## **Da Declaración do Milenio e os ODM 1990-2015 á Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).**

Seguindo esa liña histórica de traballo a Declaración de Río do 1990 na primeira grande Cimeira do Clima e a asunción da Axenda 21, arrancan o proceso formal de ordenación do maior pacto universal, sistemático e medible da sociedade internacional, coa aprobación da Declaración do Milenio do ano 2000 e os seus 8 Obxectivos do Milenio posteriormente[14] (ODM dende agora).

***Obxectivo 1: Erradicar a pobreza extrema e a fame***

***Obxectivo 2: Lograr o ensino primario universal***

***Obxectivo 3: Promover a igualdade entre os sexos e o apoderamento da muller***

***Obxectivo 4: Reducir a mortalidade dos nenos menores de 5 anos***

***Obxectivo 5: Mellorar a saúde materna***

***Obxectivo 6: Combater o VIH/SIDA, a malaria e outras enfermidades***

***Obxectivo 7: Garantir a sustentabilidade do medio ambiente***

***Obxectivo 8: Fomentar unha alianza mundial polo desenvolvemento***

Coma pode verse pola súa conceptualización os ODM[15] apuntaban primeiramente á necesidade e a posibilidade real de

erradicación da pobreza extrema e a fame de maneira universal, atendendo xa a obxectivos transversais e combinados para este fin, vinculados ao respecto polo medio ambiente, a igualdade de xénero ou as alianzas globais en prol da consecución dos ODM.

Hai que subliñar que os ODM foron un esforzo, sobre todo, por definir un marco estratéxico medible, con metas e obxectivos avaliábeis, que ademais levaron aparellados unha forte campaña comunicacional para posicionar a Axenda das Nacións Unidas diante da cidadanía, mais especialmente entre todos os axentes implicados para a consecución da metas: Estados, organizacións internacionais, poderes subestatais, ong's... Neste sentido os ODM foron un auténtico éxito e delimitaron o marco xeral de traballo de toda a cooperación internacional durante os tres lustros que estiveron en vigor.

Sen embargo, anos despois da finalización do período 2000-2015, o balance do desempeño dos 8 ODM é desigual, tanto por obxectivos coma por áreas xeográficas[16]. En todo caso hai que celebrar os avances conseguidos en todos os obxectivos (a excepción do Obxectivos 8) que destaca o optimista Informe final de seguimento dos ODS do ano 2015 do PNUD[17], co grande titular de conseguir reducir á metade as cifras absolutas da pobreza, pasando de 1.900 millóns de persoas aos 900 millóns de persoas que viven dentro da categoría de pobreza extrema (menos 1,25 dólar ao día).

Neste repaso histórico non podemos tampouco ignorar que dentro destes avances masivos que conseguiron os ODM o papel do crecemento económico de China e India, e en menor medida América Latina, é extraordinario e representa máis da metade do total do avance na redución da pobreza. Por áreas xeográficas só a África subsahariana quedou lonxe de avanzar nos distintos obxectivos, xa que a pesar de reducir a porcentaxe de persoas en situación de pobreza extrema, o número absoluto aumentou a consecuencia do crecemento da poboación.

Así as cousas e froito desas luces e sombras sobre os procesos e os resultados dos Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio, a Axenda 2030 viu a luz apostando por un grande salto conceptual, que implica un maior número de obxectivos (de 8 a 17) para unha mellor comprensión dos retos da sociedade internacional, no contexto dunha crise ecolóxica e enerxética, que cuestiona de maneira integral as ideas tradicionais sobre desenvolvemento e subdesenvolvemento.

***Obxectivo 1: Rematar coa pobreza en todas as súas formas en todo o mundo.***

***Obxectivo 2: Rematar coa fame, acadar a seguridade alimentaria, mellorar a nutrición e promover a agricultura sostible.***

***Obxectivo 3: Garantir unha vida saudable e promover o benestar en todas as idades.***

***Obxectivo 4: Garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade e promover oportunidades de aprendizaxe ao longo da vida para todos.***

***Obxectivo 5: Alcanzar a igualdade de xénero e capacitar as mulleres e nenas.***

***Obxectivo 6: Asegurar a dispoñibilidade de auga e a súa xestión sostible e saneamento para todos.***

***Obxectivo 7: Garantir o acceso á enerxía accesible, segura, sostible e moderna para todos.***

***Obxectivo 8: Fomentar o crecemento inclusivo e sostible, o pleno emprego e o traballo digno para todos.***

***Obxectivo 9: Construír infraestrutura resistente, promover a industrialización inclusiva e sostible e impulsar a innovación.***

***Obxectivo 10: Reducir as desigualdades dentro e entre países.***

***Obxectivo 11: Garantir que as cidades e asentamentos humanos son, inclusivos e sostibles.***

***Obxectivo 12: Garantir consumo e produción sostible.***

***Obxectivo 13: Adoptar medidas urxentes para combater o cambio climático e os seus efectos.***

***Obxectivo 14: Conservar o uso sostible dos océanos, mares e recursos mariños para o desenvolvemento sostible.***

**Obxectivo 15: Protexer, restaurar e promover o uso sostible dos ecosistemas terrestres, a xestión dos bosques de forma sostible, a loita contra a desertización.**


**Obxectivo 16: Promover sociedades pacíficas e inclusivas para o desenvolvemento sostible, facilitando o acceso á xustiza.**

**Obxectivo 17: Reforzar os medios de implantación e revitalizar a Alianza Global para o Desenvolvemento Sostible.**

Como indicamos na propia presentación deste artigo, a principal novidade da Axenda 2030 é a universalidade e as responsabilidades compartidas entre todos os países e niveis de goberno, mais haberá que destacar tamén a idea transversal de sustentabilidade (tanto económica, coma social e ambiental) coma o enfoque integrado achegándose as causas da pobreza alén dos seus síntomas, nunha ollada global para o mundo do futuro diante dos grandes retos presentes actualmente.

Así as cousas a agrupación temática que se deduce da Declaración constituínte da Axenda 2030 do 25 de setembro de 2015, *“Transformar o mundo: A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible” 25 de setembro de 2015, Nacións Unidas*, distribúe os ODS en cinco categorías; **Persoas, Planeta, Prosperidade, Paz e Alianzas.**

Image not found or type unknown



### 3. A centralidade da erradicación da pobreza e a localización na Axenda 2030.

***“A presente Axenda é un plan de acción en favor das persoas, o planeta e a prosperidade. Tamén ten por obxecto fortalecer a paz universal dentro dun concepto máis amplo da liberdade. Recoñecemos que a erradicación da pobreza en todas as súas formas e dimensións, incluída a pobreza extrema, é o maior desafío á que se enfrenta o mundo e constitúe un requisito indispensable para o desenvolvemento sostible.” Preámbulo “Transformar o mundo: A Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible” 25 de setembro de 2015, Nacións Unidas.***

Como sinala o preámbulo da declaración de Nacións Unidas que da lugar aos ODS, a erradicación da pobreza é a principal meta e o corazón que impulsa o desenvolvemento sostible e as interdependencias co resto dos 17 ODS. Así cómpre lembrar que para a consecución dos ODS precísase combinar unha mirada particular e accións concretas para

cada un dos Obxectivos, cunha mirada xeral sobre os ODS no seu conxunto e dende as interaccións necesarias entre os distintos obxectivos para a súa consecución integral. Todos os ODS están conectados, e non poderán entenderse por separados.

Nunha lectura rápida vense as interdependencias e a lóxica integrada dos ODS, e particularmente a esta misión inicial da erradicación da pobreza (ODS1), coa meta de eliminar a fame (ODS2), ter acceso a unha a vida saudable (ODS3), promover a igualdade de xénero (ODS4) a educación para todas (ODS5), o dereito a auga e saneamento (ODS6) a enerxía inclusiva (ODS7) ou tamén o crecemento económico inclusivo (ODS8); cunha aposta moi novedosa pola redución das desigualdades (ODS10) por citar os máis evidentes, en relación á conectividade co ODS1.

Como constata o traballo de décadas arredor da erradicación da pobreza e dende que a mesma é sometida a medición, é un concepto problemático e relativo, sendo primeiramente dependente do nivel de vida medio da sociedade onde se analiza, da capacidade de ter ingresos, mais tamén de elementos críticos da vida humana coma a accesibilidade á participación, alimentación, vivenda, a saúde, a educación...

Así as cousas, como nos lembra a web de Nacións Unidas, a pobreza vai máis alá da falta de ingresos e recursos para garantir uns medios de vida sostibles, xa que realmente a pobreza é un problema de Dereitos Humanos e polo tanto un problema ao que debemos aproximarnos de maneira multidimensional e asumindo a súa complexidade. Desta maneira o ODS1 oficializa o Índice da Pobreza Multidimensional[18] como evolución dos indicadores de pobreza humana anteriormente promocionados polo PNUD[19], como unha das novidades chave para a comprensión do fenómeno e o avance para a súa consecución. Entre as distintas manifestacións da pobreza que analiza o IPM figurarán as citadas anteriormente: a fame, a desnutrición, a falta dunha vivenda digna, a participación, o acceso limitado a outros servizos básicos como a educación ou a saúde... Sen esquecer outros fenómenos vinculados, coma a discriminación e a exclusión social, que inclúe a ausencia da participación e representación das minorías.

Diante desta complexidade, o estándar universal de pobreza extrema establécese, de maneira consensual, primeiramente dende criterios de capacidade monetaria, establecendo coma criterio universal (e problemático) establecido no 1,25 dólar americano ao día. Falaremos así de pobreza extrema e tamén de pobreza relativa, tanto de maneira universal, coma dentro de cada territorio en función das súas particularidade.

## O ODS 1: Metas e indicadores para poñer fin a pobreza.

Dende a publicación da Declaración institucional de 2015, a Axenda 2030 establece a necesidade de implementar mecanismos de medición e seguimento dos novos obxectivos de desenvolvemento. Establécese claramente que a principal responsabilidade na materia recaerá en cada goberno de maneira particular, tendo en conta as prioridades e particularidades de cada país e establecendo así metas nacionais adaptadas a cada realidade de partida particular.

Mais para non deixar toda a responsabilidade e vontade política a cada Estado de maneira particular, o propio sistema de Nacións Unidas comprometeuse a apoialos establecendounha lista de indicadores globais que deberán complementar os sistemas de medición rexional e nacional. No Estado español será o recentemente designada Alta Comisionada para os ODS, quen poña en funcionamento a estratexia nacional para a implementación e seguimento da Axenda, abrindo os cauces necesarios de colaboración permanente entre as distintas administracións do Estado. En Portugal será o Instituto Camoes e o Instituto Nacional de Estatísticas as principais institucións responsables do seguimento da implementación dos ODS.

Tamén, froito das leccións aprendidas no proceso de desenvolvemento dos Obxectivos do Milenio decidiuse dende o primeiro día reforzar o traballo estatístico e de análise para o seguimento dos datos e os indicadores dos ODS. A Cimeira de datos mundial en Cidade do Cabo en 2016 representa este esforzo por dar un salto adiante na capacidade de traballo co big data do desenvolvemento, fundamental para unha boa implementación e seguimento da Axenda 2030[20].

Presentamos aquí a lista de Metas e Indicadores globais establecidos para o ODS nº1 a nivel mundial:

*META. 1.1 De aquí a 2030, erradicar para todas as persoas e en todo o mundo a pobreza extrema (actualmente considérase que sofren pobreza extrema as persoas que viven con menos de 1,25 dólares dos Estados Unidos ao día).*

*INDICADOR. 1.1.1 Proporción da poboación que vive por baixo do limiar internacional da pobreza, desagregada por sexo, idade, situación laboral e localización xeográfica (urbana ou rural)*

*META. 1.2 De aquí a 2030, reducir polo menos á metade a proporción de homes, mulleres e nenos de todas as idades que viven na pobreza en todas as súas dimensións con arranxo ás definicións nacionais.*

*INDICADOR. 1.2.1 Proporción da poboación que vive por baixo do limiar nacional da pobreza, desagregada por sexo e idade*

*INDICADOR. 1.2.2 Proporción de homes, mulleres e nenos de todas as idades que viven na pobreza en todas as súas dimensións, con arranxo ás definicións nacionais*

*META. 1.3 Implementar a nivel nacional sistemas e medidas apropiados de protección social para todos, incluídos niveis mínimos, e, de aquí a 2030, lograr unha ampla cobertura das persoas pobres e vulnerables.*

*INDICADOR. 1.3.1 Proporción da poboación cuberta por niveis mínimos ou sistemas de protección social, desagregada por sexo, distinguindo entre os nenos, os desempregados, os anciáns, as persoas con discapacidade, as mulleres embarazadas, os recentemente nados, as vítimas de accidentes de traballo, os pobres e os grupos vulnerables*

*META. 1.4 De aquí a 2030, garantir que todos os homes e mulleres, en particular as persoas pobres e vulnerables, teñan os mesmos dereitos ao acceso de servizos básicos, a propiedade e o control da terra e outros bens, a herdanza, os recursos naturais, as novas tecnoloxías apropiadas e os servizos financeiros, incluída a microfinanciación.*

*INDICADOR. 1.4.1 Proporción da poboación que vive en fogares con acceso a servizos básicos*

*INDICADOR. 1.4.2 Proporción do total da poboación adulta, por sexo e por tipo de tenencia, con dereitos seguros de tenencia da terra, que posúe documentación recoñecida legalmente respecto diso e que percibe eses dereitos como seguros*

*META. 1.5 De aquí a 2030, fomentar a resiliencia dos pobres e as persoas que se atopan en situacións de vulnerabilidade e reducir a súa exposición e vulnerabilidade aos fenómenos extremos relacionados co clima e outras perturbacións e desastres económicos, sociais e ambientais.*

*INDICADOR. 1.5.1 Número de mortes, persoas desaparecidas e afectados por desastres por cada 100.000 persoas*

*INDICADOR. 1.5.2 Perdas económicas causadas directamente polos desastres en relación co Produto Interior Bruto (PIB) mundial.*

*INDICADOR. 1.5.3 Número de países que contan con estratexias de redución do risco de desastres a nivel nacional e local*

*META. 1.a Garantir unha mobilización significativa de recursos procedentes de diversas fontes, mesmo mediante a mellora da cooperación para o desenvolvemento, a fin de proporcionar medios suficientes e previsibles aos países en desenvolvemento, en particular os países menos adiantados, para que implementen programas e políticas encamiñadas a poñer fin á pobreza en todas as súas dimensións.*

*INDICADOR. 1.a.1 Proporción de recursos asignados polo goberno directamente a programas de redución da pobreza..*

*INDICADOR. 1.a.2 Proporción do gasto público total en servizos esenciais (educación, saúde e protección social)*

*META. 1. b Crear marcos normativos sólidos no plano nacional, rexional e internacional, sobre a base de estratexias de desenvolvemento en favor dos pobres que teñan en conta as cuestións de xénero, a fin de apoiar o investimento acelerado en medidas para erradicar a pobreza.*

*INDICADOR. 1. b.1 Proporción do gasto público periódico e de capital destinado ás mulleres, os pobres e os grupos vulnerables*

#### **A localización: o papel das Autoridades locais na Axenda 2030 e o ODS nº1.**

No proceso interestatal e multilateral de negociacións para a definición da Axenda 2030 os gobernos locais e rexionais, que nas últimas décadas aumentaran a súa implicación cos retos globais asociados á Declaración do Milenio, crearon no 2013 a *Global Taskforce de Gobernos Locais e Rexionais*[21], para agrupar e coordinar o traballo de promoción levado a cabo polas principais redes internacionais de gobernos locais.

Por medio da *Global Taskforce* o municipalismo global participou na definición final dos ODS e as Cimeiras ONU Hábitat, conseguindo a definición específica do ODS 11 -Construír cidades sostibles e inclusivas. Máis alá da consecución do ODS 11, durante todo o proceso a idea da *localización* foi bandeira e guiou a proposta do municipalismo global, coma proxecto e método de aterraxe operativo e real, nas cotidianeidades locais, dos 17 ODS.

sería o proceso que ten en conta os contextos subnacionais na consecución da Axenda 2030, dende o establecemento dos obxectivos e metas, ata a determinación dos medios de implementación e o uso de indicadores para medir e monitorizar os progresos feitos. Esta idea de *Localizar* converteuse nun lugar común dos esforzos compartidos das institucións e organizacións internacionais interesadas en impulsar e desenvolver os ODS[22] e un éxito do municipalismo global por posicionar a súa axenda.

Hai que destacar que a localización non é tanto un cambio radical na maneira de facer política local, se non unha oportunidade para reorientar as prioridades e necesidades locais e contribuír a un novo marco, demostrando máis claramente e con maior precisión, coma o traballo dos gobernos locais contribúe a reducir a desigualdade e lograr os obxectivos de desenvolvemento a nivel nacional e global dende o propio territorio que participa da localización[23].

Neste sentido a definición concreta, participada e consensuada dunha Axenda urbana local, pode ser a mellor ferramenta, dende a que localizar unha estratexia en relación á edición e consecución da Axenda 2030.

#### **4. Recomendacións para a localización da Axenda 2030 e a consecución do ODS nº1 no sistema urbano galego-portugués.**

Os ODS coma proxección operativa da Axenda 2030 ten para todos os niveis de goberno unha dimensión interna e unha dimensión externa indisociables: metas nacionais e metas globais. As interdependencias económicas, ambientais ou de seguridade, nun planeta finito e de recursos limitados, fannos a todos co-responsables en relación aos ODS coma pacto universal da comunidade internacional.

Dende a propia Declaración inaugural da Axenda 2030 do 25 de setembro de 2015 as Nacións Unidas entenden os ODS tanto coma guía para o desenvolvemento sostible de cada territorio particular (xa sexan Estados, gobernos subestatais ou gobernos locais), coma unha guía para unhas novas relacións internacionais, na procura de paz, sustentabilidade ambiental e prosperidade compartida.



As dúas dimensións son indisolubles e nas dúas os gobernos locais e subnacionais son chamados a participar activamente, rachando a clásica perspectiva estatocéntrica das relacións internacionais e normalizando a paradiplomacia acción internacional subestatal, cidadá, cultural.

Así as cousas, á hora de achegarnos á implementación do *-ODS1: Poñer fin a pobreza* no sistema urbano galego-portugués cómpre incidir na necesidade de combinar unha mirada local (qué podemos facer dentro dos nosos territorios para erradicar a pobreza?) cunha mirada global (qué podemos facer para erradicar a pobreza a nivel global?).

### Suxerencias para as dinámicas locais.

En relación á localización do ODS nº1 nos nosos territorios cómpre fixarnos en que en Galicia e Portugal, a pobreza coma fenómeno social propio gañou en relevancia nos últimos anos, asociada a crise económica iniciada en 2008, a crise de emprego, os problemas estruturais da vivenda, a pobreza enerxética ou a pobreza infantil[24].

De feito a propia crise económica que arranca no mundo occidental coa explosión de Lehman Brothers está na xénese da aceleración da desigualdade a nivel global (e a aparición do ODS 10 vinculado á redución das desigualdades) na última década e na propia lóxica e atención á pobreza nas sociedades desenvolvidas que existen nos 17 ODS, coma unha das características esenciais da nova Axenda 2030.

Acudindo á táboa de metas e indicadores establecidos para o seguimento do ODS 1, os Gobernos Locais poden detectar os elementos críticos a reforzar na súa planificación de traballo ordinario, no obxectivo de ter incidencia na redución da pobreza local, achegando medidas multidimensionais que vaian máis alá do reforzo directo dos servizos sociais asistenciais.

Así as cousas haberán de tomar medidas transversais para a redución da pobreza coma fenómeno multidimensional, achegando solucións con incidencia nos sectores máis vulnerables á hora de programar políticas públicas (mulleres, minorías...) especialmente vinculadas ao acceso a vivenda e a saúde, á educación e a cultura, a participación ou ao transporte público. Sen esquecer outras áreas de goberno, onde haberá que preguntarse en que medida achegan solucións á redución da vulnerabilidade das persoas e segmentos da poboación tradicionalmente excluídos.

De maneira concreta queremos engadir dúas ideas operativas, que axudarán de maneira estratéxica ao bon desempeño desa ollada transversal nas políticas públicas locais para a eliminación da pobreza no nivel local:

? Cómpre recomendar, coma establece a Rede española polos Desenvolvemento Sostible (nodo da rede internacional - Sustainable Development Solutions Network) no seu primeiro Informe urbano *"Mirando hacia el futuro: Ciudades sostenibles: Los Objetivos de Desarrollo Sostenible en 100 ciudades españolas"* a necesidade de **Levar o Informe Arope [25] sobre risco de exclusión social en Europa ao nivel municipal, para contar con datos adecuados e tomar medidas pertinentes e idóneas, ben informadas**, no contexto das medidas a implementar para erradicar a pobreza.

Neste sentido, cómpre teimar en que para o bon goberno, contar con información precisa e pertinente será imprescindible para unha diagnose correcta que favoreza o bon desempeño das políticas públicas municipais.

? Cómpre recomendar a **Promoción dende os Concellos e Cámaras municipais da participación da sociedade civil (empresas, asociacións culturais, deportivas, educativas...) na loita contra a pobreza e nos órganos participativos a nivel local, para unha localización real da Axenda 2030.**

De maneira específica en relación ao ODS 1 teremos a necesidade de contar co apoio específico das entidades especializadas na loita contra a pobreza no ámbito doméstico, destacando especialmente o traballo da Rede EAPN (tanto na súa organización galega coma portuguesa) para traballar a materia de maneira compartida, o que asegurará o coñecemento especializado e directo na loita contra a pobreza.

Cómpre salientar neste sentido que hai relación e traballo directo entre a rede galega e portuguesa contra a pobreza, ademais de outros vínculos[26] que amosan unha particularidade eurorexional e potenciais vías de colaboración no ámbito da Eurorexión e do propio Eixo Atlántico. Neste sentido os intercambios de boas prácticas dentro do Eixo Atlántico tamén deberán de cohesionar a loita contra a pobreza no sistema urbano galego-portugués.

### Suxerencias para as dinámicas globais

Coma sinalamos en reiteradas ocasións ao longo deste documento, é importante incidir no duplo papel dos poderes locais en relacións á consecución dos ODS e en particular do ODS nº1, tanto no ámbito doméstico coma no ámbito internacional. Así neste punto queremos suxerir cales son os instrumentos e as medidas operativas e realistas do que poden achegar de exclusivo os poderes locais á consecución do ODS1 a nivel global, coma suxeitos de cooperación internacional e de paradiplomacia internacional[27].

Os municipios da Unión Europea teñen dende o 1.985 coa aprobación do principio de subsidiariedade o marco legal e político para desenvolver as súas accións de acción exterior e cooperación internacional. Será dende ese momento e promovido especificamente dende o Comité dos Municipios e Rexións da Unión Europea (CMREUE) que os municipios portugueses e galegos comecen a desenvolver accións de cooperación internacional, primeiramente dende o instrumentos icónico da acción exterior local, as gemações e os irmandamentos.

Xa durante os anos 90 e impulsado polo movemento social de apoio ao 0,7% aparecerá con forza a cooperación directa do municipalismo, xa ben por medio de protocolos de cooperación bilateral con municipios do sur, ou por medio da denominada coma cooperación indirecta, reforzando as ONGD locais por medio de convocatorias e axudas para proxectos no exterior.

Nese espertar internacional do local co comezo do S.XXI as redes de cidades de carácter internacional multiplicáronse, sendo actualmente os instrumentos máis consolidados e eficaces pola súa capacidade de coordinación, sustentabilidade económica e capacidade de planificación. Xenericamente defínese a todas estas accións coma cooperación internacional descentralizada.

Máis alá do principio de subsidiariedade no marco institucional de España e Portugal, os municipios teñen o seu rol definido claramente nas lexislacións nacionais coma suxeitos de cooperación internacional. No caso dos Concellos galego por medio das Leis de Cooperación, tanto da administración galega (Lei 3/2003 de 19 de xuño) coma do Estado español (3/1998 de 7 de xullo).

Ademais o municipalismo galego coma o portugués vense vinculados coma actores de cooperación internacional, tanto polo Consenso Europeo en Desenvolvemento da UE (2017) coma polos ODS 2015-2030 de Nacións Unidas. En ambos os dous marcos o valor específico do municipalismo pasa pola especialización que achega, tanto pola proximidade directa á cidadanía coma polos saberes específicos en relación aos procesos descentralización administrativa e política.

? No marco xeral da Axenda 2030 e das propias políticas de cooperación internacional da Unión Europea e os Estados español e portugués a **Coherencia de políticas para o desenvolvemento (primeiramente dende a compra pública responsable)** é un obxectivo transversal que se desenvolve co obxectivo de minimizar as contradicións tradicionais do sistema internacional de cooperación[28].

Entre os distintos actores que implementan a coherencia de políticas coma eixo estratéxico das políticas de cooperación o obxectivo é ter en conta **todas aquelas políticas que executan e que directa ou indirectamente podan repercutir nos países en desenvolvemento. Así as cousas a súa finalidade é reducir as contradicións, creando sinerxías entre as diferentes políticas do actor que quere cooperar[29]. Para as organizacións internacionais coma a UE ou para os Estados, os desafíos son moi amplos neste terreo (compra de armamentos, apoio á internacionalización económica de empresas, pegada ecolóxica propia...)** e as veces anunciados coma a pedra angular da imposibilidade real de consecución das Metas da Axenda 2030[30].

**Así as cousas, o poder local, tendo un mapa competencial de menor impacto nos países en desenvolvemento, non queda exento da necesidade de ser coherente.** Dende os anos 80 os gobernos locais, de maneira máis intensa nas cidades, interactúan con normalidade có internacional, xa ben polas relacións con outras cidades e redes de cidades, a

captación de fondos comunitarios, a promoción turística, económica e cultural ou a propia cooperación internacional local... Todas estas acción son hoxe normais en todas as cidades de Galicia e Portugal e en moitos Concellos intermedios participantes no Eixo Atlántico.

Esta explosión de vínculos co global dende o local está agora mesmo fragmentada ou oculta nos distintos departamentos do goberno local, sen un mínimo de información transversal dentro do Concello, nin tampouco mais que o puntual coa sociedade civil, o que elimina a capacidade de sinerxias, a coherencia de políticas ou un discurso internacional recoñecible [31]. A Axenda 2030 proporciona un marco de modernización institucional axeitado para desenvolver unha visión estratéxica do global dende o local. Para isto, contar cunha **Diagnose sobre os vínculos locais co global e unha unidade de acción exterior no Concello, dende onde coordinar as súas accións de relación co internacional**[32] en coordinación co resto de axentes máis internacionalizados da cidade, proporciona o momento cero dende o que artellar unha verdadeira política exterior comprometida coa Axenda 2030.

Activar unha ordenación da acción exterior local é unha medida necesaria para camiñar cara a coherencia de políticas no desenvolvemento, dende a coralidade e pluralidade do municipio, nun compromiso firme e colectivo de Dereitos Humanos, pensado estratéxicamente de maneira transversal entre as distintas áreas de goberno e en colaboración coa sociedade civil [33].

? Ademais da necesidade de ter unha visión e acción estratéxica arredor do modelo de cidade na relación co internacional, para asumir un papel activo na consecución da Axenda 2030 a primeira medida a implementar é **Normalizar e definir os instrumentos tradicionais da cooperación municipalista e asumir nos orzamentos municipais unha partida concreta** que achegue fondos a loita mundial pola erradicación da pobreza extrema.

Se a meta e o horizonte desexable sería aquel recorrente 0,7%, non podemos obviar que a realidade demostra que ese esforzo orzamentario tan só é alcanzado por casos moi puntuais, mais o 0,7% debe ser o horizonte dende o que posicionar o seu compromiso coa Axenda 2030. Mais sen orzamento é imposible sumar á consecución do ODS1.

Os instrumentos clásicos, serían os definidos anteriormente: **irmandamentos, geminações e protocolos de cooperación directa con outros municipios**[34], **convocatorias de proxectos para as ONGD que traballan no noso propio territorio ou a participación en redes de cidades**. Cómpre tamén destacar que os municipios non só poden sumar á hora de promover proxectos de cooperación internacional no terreo, se non que poden ter un papel específico e necesario na **educación para a cidadanía global**[35], coma motor de cambio dentro das nosas propias sociedade.

No caso galego, o **Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade** (nacida no 1997) sería o espazo idóneo, para arrancar ese proceso de asunción de apoio á Axenda 2030 de maneira global, sumándose e participando activa e a difusión do seu traballo diante da cidadanía apropiándose de maneira particular do seu traballo global. No caso portugués cómpre identificar a **Rede Intermunicipal de Cooperaçao ao Desenvolvemento** creada entre o ano 2010 e o 2013 na procura dunha cooperación internacional municipalista portuguesa en rede máis eficiente e eficaz, e que contou no proceso de constitución co apoio e coñecemento do propio Fondo Galego.

Xa que tanto o Fondo Galego coma a Rede Intermunicipal de Cooperaçao teñen xa unha relación estable de cooperación e que as dúas redes definen o espazo dos PALOP coma área xeográfica prioritaria de intervención, o propio traballo conxunto entre as dúas redes ademais de incidir na consecución do ODS1 a nivel global, reforzaría o traballo eurorexional.

Máis alá da participación en redes de cidades, que directamente cooperan en prol da erradicación da pobreza a nivel global, existen outras redes de carácter internacional que promoven o impulso da Axenda 2030 dende diferentes ámbitos, coma a Rede Internacional de Cidades Educadoras, a Rede C40, vinculada a loita contra o cambio climático ou a Rede Internacional de Cidades da UNESCO.

## 5. Conclusións.

Coma presentamos ao longo deste artigo, a loita contra a pobreza a nivel mundial ten xa un longo percorrido na historia das Nacións Unidas, ao ser identificada coma un dos elementos de maior inestabilidade para a paz, e a consecución da vida digna; coma un obxectivo e Dereito Humano.

Esa andaina, non exenta de contradicións e límites, ten conseguido primeiramente unha redución drástica e relevante da

pobreza a nivel mundial e colocado a centralidade do tema na axenda das Nacións Unidas[36]. Neste sentido, tanto os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio coma os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentábel sinalan a súa centralidade, dentro da axenda das Nacións Unidas, coma meta imprescindible e necesaria para unha paz verdadeira e un desenvolvemento sostible, unha prosperidade compartida. Tanto a Declaración do Milenio coma a Axenda 2030 identifican un mundo en transición, onde as economías emerxentes, coma China, Rusia, a India e tantos outros, están a modificar aquela globalización do Consenso de Washington e onde a crise climática e enerxética impulsa a emerxencia de novos modelos de desenvolvemento ou postdesenvolvemento.

Así as cousas, a Axenda 2030 asume o desafío, non conseguido polos ODM, de rematar definitivamente coa pobreza extrema e asume a complexidade do problema ao longo de toda a Axenda e non só dende o ODS 1, se non dende a interdependencia co resto dos 17 ODS e especificamente cos 8 primeiros vinculados á mellorar a forma de vida das persoas do planeta.

A humanidade ten diante de si un plan para achegarse a solución destes problemas estruturais, cheo de contradicións, propias da natureza do proceso do que forman parte, coma terreo neutral de intereses en confrontación. Por este motivo, para a súa consecución tan só unha sociedade internacional comprometida poderá poñer na axenda unha visión da humanidade que dé resposta á visión da Axenda 2030.

Entre as dificultades para avanzar, alén da vontade reflexiva e operativa da Axenda Urbana e o seu aliñamento coa Axenda 2030, cómpre dende xa facer un chamado á coordinación de todos os axentes da gobernanza dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible dende os distintos niveis políticos-administrativos, dende a procura de complicidades que sumen. Sen esa coordinación e compromiso real para a súa consecución a implementación da Axenda poderá por acabar sendo máis un novo instrumento de marketing en man dos distintos actores, en lugar dun marco estratéxico para mellorar a vida das sociedades que representan.

Neste sentido, ademais da planificación e a reflexión precísase que a Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible impliquen non só a necesaria coordinación, se non apoio orzamentario para a súa implementación e compromisos de longo alcance entre as distintas forzas políticas maioritarias que vaian alén dos ciclos electorais de catro anos.

Dende a pluralidade das sociedades haberá que construír un mínimo común denominador para que o marco modernizador que implica a Axenda 2030 teña continuidade e capacidade de incidencia real nas políticas públicas, superando a mera anécdota retórica. Neste sentido, a participación e apropiación da sociedade civil global da Axenda 2030 é parte transversal que deberá ser impulsadas dende os poderes públicos para o seu éxito.

Para poder avanzar na Axenda 2030 dende a Eurorexión a planificación debe ser flexible e saber aproveitar a oportunidade, mais debe contar un marco mínimo, que nos proporcione os resultados agardados e datos para entender os éxitos e atopar solucións aos fracasos. Seleccionar, priorizar, avaliar. Cada un segundo as súas dimensións, conscientes do pequenos cuantitativamente, buscando concentración e especialización e cooperación en rede dende un mínimo común denominador, entre as forzas políticas maioritarias e as entidades que operen no territorio de maneira máis activas no internacional.

Sirva este documento para pensar dende o local na Axenda 2030 e o ODS1, promovendo unha visión do futuro do territorio, das cidades e da Eurorexión, cun novo modelo de desenvolvemento e benestar que saiba facer do desenvolvemento endógeno e sostible unha marca global, capacitada para operar e cooperar no mundo do S.XXI.

## 6. Bibliografía e recursos.

Presentamos unha compilación das referencias bibliográficas e de recursos (documentos institucionais, hemeroteca dixital...) aparecidas ao longo do documento, que na vontade operativa deste artigo atópanse case na súa totalidade ao acceso directo na rede. Ao mesmo tempo a selección de bibliografía e de recursos quere servir de marco teórico e reflexivo desta achega.

ALKIRE S. (2018) "Evaluar la pobreza multidimensional: un índice a nivel global" PNUD 2018 Sabina Alkire, directora de

OPHI y Selim Jahan, director de HDRO, PNUD.

AYUSO, OLIVIÉ, MILLÁN, (2018) “El reto de la coherencia de políticas para el desarrollo en la Agenda 2030” Paper CIDOB Barcelona,

AYUSO A. E FORERO (2017)” CIDOB DOSSIER A Axenda 2030:Do compromiso á práctica”

AGUDO A. (2018) “España ya tiene un Plan de Acción para el desarrollo sostenible” 29 0718 El País

CIDOB DOSSIER (2015) “La financiación de los ODS”

CIDOB DOSSIER “El camino hacia la Agenda 2030”(2015)UCCCI (Unión Internacional Ciudades Iberoamericanas)  
“Procesos de comunicación social para hacer locales los ODS. Experiencias de las ciudades iberoamericanas”

CIDOB DOSSIER “Objetivos Desarrollo Sostenible” 2015.

CASAL LODEIRO “La Agenda 2030, misión imposible” CXT, 26/9/2018

CGLU (2004) DECLARACIÓN FINAL DEL CONGRESO FUNDADOR “Ciudades, gobiernos locales: el futuro del desarrollo”

CGLU (2016) “Guía para la localización de los ODS: Implementación y monitoreo subnacional”.

CGLU (2016) “Culture in the sustainable development goals: A Guide for local Action” Disponible en internet.

EAPN (2017) “Informe 2017 Rede EAPN Galicia: O estado da pobreza 2006-2017” EAPN.

ESPINO A. (2018). “Las ciudades españolas suspenden en trabajo decente” Revista Ethic

FEMP (2018) “Estrategia Compromiso 2030”

FUTURO EN COMÚN (2018) “Una agenda transformadora para las persona y el planeta”

GARCÍA MATIÉS, (2016) “Las entidades locales y los objetivos de desarrollo sostenible. Algunas notas sobre la naturaleza jurídica de la Agenda 2030”. Reala, Nueva Época – N.o ?, enero-junio 2016 – ISSN: 1989-8975

GONZÁLEZ PALAU (2009) “Os irmandamentos en Galicia, Globalización, gobiernos local e redes no S.XXI” IGADI.

HUMAN DEVELOPMENT REPORT 2018 “The 2018 Global Multidimensional Poverty Index (MPI)”

IBÁÑEZ RUIZ DEL PORTAL (2017) “La evolución estratégica de la cooperación internacional para el desarrollo: La lucha contra la pobreza es también la lucha contra la desigualdad”, OXFAM Intermon, 2017.

JIMENO, J.A. RED DE EXPERTOS PLANETA FUTURO (2015) “¿Hemos aprendido de los Objetivos de Desarrollo del Milenio? El País, 15.07.2014

LIPPOLIS N. (2018) “¿Qué hay detrás del milagro africano?: implicaciones para la cooperación europea”, REAL INSTITUTO ELCANO ARI 2/2018 – 12/1/2018.

MARTÍNEZ OSÉS E GIL. PAYNO M.L. (2017) “El índice de Coherencia de Políticas para el Desarrollo: midiendo la Agenda 2030 desde la Coherencia de Políticas para el Desarrollo” Revista Iberoamericana de Estudios de Desarrollo, Iberoamerican Journal of Development Studies Volumen, volume 6, número/issue 1, pp. 102-127

MARTINEZ OSÉS E IGNACIO MARTÍNEZ MARTÍNEZ (2016) “La Agenda 2030: ¿cambiar el mundo sin cambiar la distribución del poder?” Universidade Complutense Madrid, 2016

MINISTERIO NEGOCIOS ESTRANGEIROS (2017) “Relatorio Nacional sobre a implementación da Agenda 2030” Ministerio Negocios Estrangeiros

NACIONES UNIDAS, RYDER GUY (2016) “A Organización Internacional do traballo e a Axenda 2030”

NACIÓNS UNIDAS (2016) “Informe Obxectivos Desenvolvemento do Milenio” PNUD.

NOVO CORTI E LÓPEZ ARRÁN (2015) “Ruralidad y pobreza en la euroregión Galicia – Norte de Portugal: efectos de la crisis económica” Universidad de A Coruña (UDC) 2015

OLÍAS L. (2015) “Las incoherencias de la ONU en la nueva estrategia contra la pobreza: armas, fraude fiscal y desigualdad” “Diario Público 290915 El Diario.es

PEARSON (1970) “As posibles consecuencias trágicas da inacción” Revista Unesco, Febreiro 1970.

PERISTA P. BATISTA B. (2010) “A estruturalidade da pobreza e da exclusão social na sociedade portuguesa – conceptos, dinámicas e desafíos para a acción” p. 39-46 na “A pobreza, pluralidade de olhares e de intervencións”. Forum Sociolóxico III.

REDE ESPAÑOLA POLOS DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE (2018) “Mirando hacia el futuro: Ciudades sostenibles: Los Objetivos de Desarrollo Sostenible en 100 ciudades españolas”

REDE ALLAS (2018) “La internacionalización del gobierno local: una política pública en construcción”

SA MARQUÉS E LOUREIRO DE MATO (2017) “Crise e vulnerabilidade social: Uma leitura territorial” Universidade de Coimbra

SEN, AMARTYA (1999) O Desenvolvemento como Liberdade.

TEZANOS S. (2018) “Agenda 2030 para el Desarrollo Sostenible: 7 riesgos, 7 oportunidades” Somos Iberoamérica

THE ECONOMIST EXPLAINS (2018) “What’s the point of twin cities: Is it an old-fashioned idea or a model for co-operation?” 8.10.2018

UCCI, UNIÓN DE CIDADES IBEROAMERICANAS (2018) “Procesos de comunicación social para hacer locales los ODS”

UNCETA K. (2009) “Desarrollo, subdesarrollo, maldesarrollo y post-desarrollo” Carta Latinoamericana, Abril de 2009, Nº 7, pp. 1-3 ISSN 1688-5899

ZEBALLOS M- (2018) “Los altibajos de los indicadores: midiendo el progreso de los ODS” GLOBAL POLICY WATCH.

PROYECTO COERENCIAS <http://www.fecongdd.org/coerencia>

[1] A Axenda Urbana do Eixo Atlántico é unha guía, un exercicio de reflexión para a planificación da cidade e desenvolvemento local do futuro, aberto e flexible, que cada quen deberá concretar e definir segundo as súas particularidades.

[2] Ao ser un acordo entre 193 Estados, a súa formulación e negociación foi conflitiva e chea de polémicas, arredor de conceptos coma Dereitos Humanos, Desenvolvemento, Sustentabilidade, Vida digna ou Liberdade, mais en si representan unha visión do mundo na que o peso e os intereses dos antigos países coloniais na economía mundial comeza a trascender aos documentos estratéxicos de Nacións Unidas. O papel decidido da China e de América Latina dentro do multilateralismo internacional e o sistema de Nacións Unidas durante a última década (sendo China o seu principal financiador) inflúe e determina moitas destas conversacións. PEDRAJAS M. (2015) ““No esperaba que fuera tan difícil negociar sobre derechos humanos” El País Planeta Futuro, 23 de setembro 2015.

- [3] Actualmente o PNUD, ONU Hábitat e a CGLU teñen activo unha liña de traballo, para socializar e promover ferramentas ao municipalismo para implementar a Axenda 2030, <http://www.localizingthesdgs.org>
- [4] GONZÁLEZ PALAU (2009) “Os irmandamentos en Galicia, Globalización, gobernos local e redes no S.XXI” IGADI.
- [5] O municipalismo global unificouse na CGLU durante o proceso de desenvolvemento da Declaración do Milenio co apoio decidido de ONU Hábitat, o que levou a impulsar unha liña de traballo específica arredor da consecución dos ODM, coma pode verse dende a súa propia declaración fundacional, CGLU (2004) DECLARACIÓN FINAL DO CONGRESO FUNDADOR “Ciudades, gobiernos locales: el futuro del desarrollo”
- [6] Artigos de divulgación coma os de TEZANOS (2018) (Presidente da Rede española de Estudos para o Desenvolvemento, ou máis directos coma os de LODEIRO (2018), Director da Revista 15x15X15, dan conta dos potenciais problemáticas estruturais para o bon desenvolvemento da Axenda 2030, ligadas ás propias dificultades da gobernanza da sociedade internacional (mediados dende os conflitos arados aos procesos de cambio climático) e aos propios límites e contradicións das dos documentos e as propias ferramentas das Nacións Unidas.
- [7] A Declaración de Filadelfia, promulgada o 10 de maio de 1944, é a actual carta da Organización Internacional do Traballo (OIT).
- [8] Pode consultarse o *“Informe sobre preguntas frecuentes sobre o enfoque de dereitos humanos”* da Oficina do Alto Comisionado das Nacións Unidas para os Dereitos Humanos (2006).
- [9] Por primeira vez sae ao escenario a necesidade de que os países desenvolvido, ricos, as antigas Metrópoles, acheguen un 0,7% do seu orzamento para loitar contra a pobreza. Na internet está accesible en varios formatos o plan de PEARSON (1970) e o seu proxecto. Pearson foi Presidente do Canadá e gañador do Premio Nobel da Paz en
- [10] As teorías da modernización foron hexemónica dentro do sistema de Nacións Unidas entre o 1940 e o 1970. De maneira xenérica poderíamos dicir que asociaban a riqueza e a pobreza co desenvolvemento e o subdesenvolvemento dos países dende criterios de medición puramente económicos, vinculados ao crecemento económico coma variable fundamental para a prosperidade e o benestar. Posteriormente a socioloxía do desenvolvemento evolucionou dunha forma máis plural e aberta. Pódese consultar UNCETA K. (2009) “Desarrollo, subdesarrollo, maldesarrollo y post-desarrollo” Carta Latinoamericana, Abril de 2009, Nº 7, pp. 1-3 ISSN 1688-5899
- [11] A Declaración de DDHH estivo sempre dentro do campo de disputa entre os USA e os aliados occidentais e a URSS e os seus aliados internacionais. Evidenciouse de maneira clara na defensa do bloque occidental da propia Declaración de DDHH (na que a URSS abstívose logo de participar no proxecto de elaboración).
- [12] IBÁÑEZ RUIZ DEL PORTAL (2017) “La evolución estratégica de la coopeación al desarrollo” INTERMON OXFAM.
- [13] Foi un sacerdote e fundador do Movemento polos Dereitos Humanos Cuarto Mundo, que no 1987 conseguiu reunir en manifestación en París a máis de 100.000 persoas para a defensa dos Dereitos Humanos, contra a pobreza, a fame ou a violencia.

- [14] Aínda que os ODM formularon entre o ano 2000 e 2002, os datos empregados para a determinación das distintas metas parten do 1990 e a Axenda 21 de Nacións Unidas.
- [15] NACIÓNS UNIDAS (2000) “Declaración del Milenio, 13 de septiembre de 2000”
- [16] JIMENO, J.A. RED DE EXPERTOS PLANETA FUTURO (2015) “¿Hemos aprendido de los Objetivos de Desarrollo del Milenio? El País, 15.07.2014
- [17] NACIÓNS UNIDAS (2016) “Informe Obxectivos Desenvolvemento do Milenio” PNUD.
- [18] Pódese atopar na rede ALKIRE S. (2018) “Evaluar la pobreza multidimensional: un índice a nivel global” PNUD 2018 Sabina Alkire, directora de OPHI y Selim Jahan, director de HDRO, PNUD e o propio portal central do IPM
- [19] PNUD, (2017) “Informe Desarrollo Humano 2016” Desarrollo Humano para todos” NACIÓNS UNIDAS .
- [20] A medición social é un campo de traballo con grandes resultados mais cheo de retos e desafíos .  
Recoméndase ZEBALLOS M- (2018) “Los altibajos de los indicadores: midiendo el progreso de los ODS” GLOBAL POLICY WATCH.
- [21] Pódese atopar abundante documentación estratéxica para os Gobiernos locais no seu portal web <https://www.global-taskforce.org>
- [22] “Dende o Programa de Naciones Unidas para o Desenvolvemento (PNUD), entendemos a localización dos ODS coma o proceso de tomar en conta os entornos rexionais e locais para asegurar a consecución dos obxectivos de desenvolvemento global, así as cousas o deseño, implementación e monitoreo das estratexias dos ODS, que teñen que ser aliñeadas coas prioridades e oportunidades territoriais.” JOHANNES KRASSNITZER (2016), Coordinador Internacional de la Iniciativa ART, Programa de las Naciones Unidas para el Desarrollo (PNUD).
- [23] Entre moitos outros materiais dispoñibles na rede para a localización da Axenda nos gobernos locais destacamos pola súa simplicidade e operatividade os ideados dende a CGLU (2016) “Guía para la localización de los ODS: Implementación y monitoreo subnacional” e CGLU (2016) “Culture in the sustainable development goals: A Guide for local Action” Dispoñible en internet.
- [24] Cómpre coñecer ben as particularidades do fenómeno da pobreza postcrise. Recomendase EAPN (2017) “Informe 2017 Rede EAPN Galicia: O estado da pobreza 2006-2017” e SA MARQUÉS E LOUREIRO DE MATO (2017) “Crise e vulnerabilidade social: Uma leitura territorial” Universidade de Coimbra.
- [25] Ao grupo de persoas en risco de pobreza e/ou exclusión social denomínaselle segundo a Estratexia Europa 2020 polas súas siglas en inglés AROPE (At Risk of Poverty and/or Exclusion). O indicador AROPE establécese a nivel nacional por medio de Informes nacionais.
- [26] NOVO CORTI E LÓPEZ ARRÁN (2015) “Ruralidad y pobreza en la euroregión Galicia – Norte de



Portugal: efectos de la crisis económica” Universidad de A Coruña (UDC) 2015

- [27] Tendo presente o propio marco na Femp no caso galego co seu FEMP (2018) “Estrategia Compromiso 2030”
- [28] AYUSO, OLIVIÉ, MILLÁN, (2018) “El reto de la coherencia de políticas para el desarrollo en la Agenda 2030” Paper CIDOB Barcelona.
- [29] MARTÍNEZ OSÉS E GIL. PAYNO M.L. (2017) “El índice de Coherencia de Políticas para el Desarrollo: midiendo la Agenda 2030 desde la Coherencia de Políticas para el Desarrollo” Revista Iberoamericana de Estudios de Desarrollo, Iberoamerican Journal of Development Studies Volumen, volume 6, número/issue 1, pp. 102-127
- [30] OLÍAS L. (2015) “Las incoherencias de la ONU en la nueva estrategia contra la pobreza: armas, fraude fiscal y desigualdad” Diario Público 290915 El Diario.es
- [31] REDE ALLAS (2018) “La internacionalización del gobierno local: una política pública en construcción”
- [32] Os modelos de organización da acción exterior municipal son variados, mais destacan exemplos inspiradores en cidades coma Xixón, Zaragoza, Bilbao ou Terrasa.
- [33] Para abrir camiño en relación á coherencia de políticas poderá contarse como aliados coa sociedade civil organizada, as ONGD e outros actores comprometidos cos ODS. Cómpre coñecer neste sentido, a posición común das plataformas española e portuguesa de ONGD, FUTURO EN COMÚN (2018) “Una agenda transformadora para las persona y el planeta”.
- [34] THE ECONOMIST EXPLAINS (2018) “What’s the point of twin cities: Is it an old-fashioned idea or a model for co-operation?” 8.10.2018
- [35] Destacamos o proxecto Cooperación Expandida impulsado polo IGADI no Concello da Coruña no ano 2017, coma un exemplo real de proxecto de participación en cooperación internacional dende o locla, en liña cos ODS.
- [36] MARTINEZ OSÉS E IGNACIO MARTÍNEZ MARTÍNEZ (2016) “La Agenda 2030: ¿cambiar el mundo sin cambiar la distribución del poder?” Universidade Complutense Madrid, 2016

## APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Outros

## ETIQUETAS

Galicia internacional agenda 2030

## IDIOMA

Galego

## INVESTIGACION

Cooperación Internacional e Axenda 2030

## Date Created

Setembro 24, 2019

## Meta Fields

**Autoria :** 3782

**Datapublicacion :** 2019-09-24 00:00:00